

Tarefas de Historia 4º da ESO para facer na semana do 25 ao 29 de maio.

Ola estimados alumnoas: Vexo que todoas vós fochedes moi cumpridores e responsables, e me enviáchedes as tarefas que vos mandei. Xa llo dixen á nova titora, bos informes de vós. Claro que sí steinbeck72@gmail.com

E agora imos coas actividades desta semana onde imos seguir a analizar a segunda metade do século XIX e inicios do XX. Desta vez, imos estudar a Segunda revolución industrial e os avances científicos e tecnolóxicos. O que vai levar a unhas transformacións demográficas, por unha banda; e, por outra, vai permitir ás grandes potencias occidentais, xunto cos EEUU e Xapón, iniciar toda unha importante expansión colonial e imperialista polo Mundo.

Para iso, faremos todas as actividades das páxinas 102 á 109 (7 á 18).

Xa sabedes que aquelas actividades de buscar en internet información non é necesario que as fagades, so para os que teñan interese.

Espero que sigades todoas ben e vos animo a que, con cautela, nesta nova fase da desescalada comecedes saír ás prazas e parques a facer tertulias de Historia.

Veña, campeóns, ánimo, forza e saude!!!

David